

**Paso 3: analiza que contidos, competencias e recursos
mobilizaremos para crear o produto**

<i>Dúas recomendacións</i>	<i>Exemplo dun produto sinxelo</i>	<i>Exemplo dun produto complexo</i>	<i>A miña proposta</i>
1. Cando nos propoñemos a creación dun texto como produto dun proxecto, non poderemos evitar varios obstáculos e dificultades que nos aparecerán ao longo do proceso. É interesante que o alumnado comprobe que precisamos tratar determinados contidos e desenvolver determinadas habilidades para superar eses obstáculos. Desa maneira, a aprendizaxe terá sentido: o que aprendemos axudaranos a chegar á nosa meta. É dicir, os contidos e as competencias son solucións aos problemas. 2. É interesante mobilizar no mesmo proxecto contidos de distintos bloques (escritura e lectura, oralidade, coñecemento da lingua, educación literaria...). Tamén é interesante mobilizar competencias clave vinculadas con intelixencias diferentes: a lingüística, a de aprender a aprender, a de tratamento da información,	Contidos Necesitaremos tratar contidos do bloque de escritura e lectura, do bloque de educación literaria e do bloque de coñecemento da lingua (para conseguir textos correctos, coherentes e ben cohesionados). Se facemos unha presentación do boletín de recensións tamén empregaremos contidos do bloque de oralidade.	Contidos Para crear un programa de televisión necesitaremos contidos de todos os bloques de contidos. Serán especialmente importantes os do bloque de oralidade (para practicar a locución dun discurso, a destreza de falar diante da cámara e a comprensión de textos orais) e os do bloque de escritura e comprensión lectora. Necesitaremos practicar moito a escritura para conseguir boas noticias, reportaxes e entrevistas.	Contidos
	Competencias Ademais da competencia en comunicación lingüística, o alumnado desenvolverá destrezas da competencia dixital, das competencias sociais e cívica, da competencia do sentido da iniciativa e, sobre todo, da conciencia e das expresións culturais.	Competencias O proxecto suporá un reto para o alumando, que deberá empregar as destrezas da competencia do sentido da iniciativa, da competencia social e cívica e da competencia dixital. Será fundamental o traballo en equipo e a iniciativa para buscar a información, tanto na web como no contorno.	Competencias
	Recursos Necesitaremos recensións e críticas obtidas de xornais, revistas e webs. Empregaremos o programa de edición de boletíns Microsoft Publisher.	Recursos A web para a búsqueda de información. Cámaras ou teléfonos móbiles para gravar as pezas informativas. Un programa de edición de vídeo.	Recursos